

A COCIÑA TERRORÍFICA DE *ESCARLATINA* E *ESMERALDINA*

Este curso recuncamos.

E, con ocasión da celebración do Samaín, repetimos o OBRADOIRO DE COCIÑA TERRORÍFICA co alumnado de 1.º da ESO.

Dende a materia de Lingua Galega e, a partir da lectura de *Escarlatina, a cociñeira defunta e Esmeraldina* da escritora Leticia Costas, escollemos aqueles personaxes máis populares, e á vez, un chisco!! aterrecedores.

Toda a rapazada se puxo mans á obra con ilusión e ganas para demostrar que son verdadeiros xefes e xefas de cociña desa difícil arte que consiste en combinar harmoniosamente varios ingredientes para conseguir madalenas cada vez máis terroríficas.

Só de miralas, dan arrepío...

E para que o poidades comprobar, aquí van algunhas feitas polos nosos 'artistas da cociña de terror'.

E, reparade, que hai intrusos!! A ver se os descubrides...